

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CEE

*Bases proceso selectivo para contratación de nove peóns para a realización de obras e servizos mínimos municipais 2019*

#### ANUNCIO

Aprobadas por Resolución da Alcaldía número 232/2019 de data 21 de maio de 2019, as bases que de seguido se detallan, fanse público para o seu coñecemento e aos efectos de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo que se indica:

### **BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE NOVE PEÓNS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS 2019.**

#### **PRIMEIRO-. Obxecto da convocatoria.**

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación da obra/servizo “Persoal de servizos mínimos municipais 2019” nos termos establecidos na Resolución de Presidencia de 01/02/2019 de aprobación das bases reguladoras do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2019.

#### **SEGUNDO-. Modalidade e duración do contrato.**

O contrato de traballo terá as seguintes características:

Contrato de duración determinada a tempo parcial por obra ou servizo, tipo 501.

Categoría profesional: Peón especialista.

Duración: Tres meses ou ata o 31/12/2019.

N.º de traballadores: 9.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, adaptaranse ás necesidades do servizo.

#### **TERCEIRO-. Retribucións**

As retribucións son as establecidas conforme ao convenio colectivo : PERSOAL LABORAL CONCELLO CEE, publicado no BOE/DOG , de 28 / 10 / 2002, e modificación publicada no Boletín Oficial da Coruña número 259 de 10/11/2008 ( tablas salariais 2009 e 2010) e as modificacións establecidas polo goberno ( diminución salarial 5% publicada BOE Nº 126 de fecha 24-05-2010. Aumento salarial do 1% publicado BOE nº 260 de fecha 30-10-2015 e aumento salarial do 1% publicado no BOE nº 174 de fecha 22-07-2017); aumento salarial 1,75% publicado BOE nº 161 de fecha 4-07-2018 e aumento salarial do 2,25% para o ano 2019 publicado no BOE Nº 132 DE FECHA 27-12-2018.

#### **CUARTO-. Funcións**

A obra/servizo créase ao abeiro da Resolución de Presidencia de 01/02/2019 de aprobación das bases reguladoras do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2019.

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as serán as establecidas no apartado 2.3.–Actividades a realizar por el personal contratado, das citadas bases reguladoras.

#### **QUINTO-. Requisitos dos aspirantes.**

Para participar no proceso selectivo os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán mantelos durante todo o proceso:

1. Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.

2. Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

3. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.

4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

5. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/84 de 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

6. Estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo

7. Atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

7.1. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

7.2. Maiores de 45 anos.

7.3. Persoas desempregadas de longa duración. Para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.

7.4. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.

7.5. Persoas en situación de drogodependencia.

7.6. Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.

7.7. Persoas en fogar monoparental.

7.8. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

7.9. Persoas vítimas de violencia de xénero.

7.10. Persoas sen fogar.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a data de contratación, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

#### **SEXTO: Presentación de instancias.**

As instancias dirixiranse ó Alcalde do Concello de Cee e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de 9 a 13.30 horas, situado na rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee, A Coruña, ou na forma prevista nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público, no prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do seguinte ó de publicación das Bases no BOP, nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.

Non obstante, no caso de non presentarse a instancia no rexistro xeral do Concello, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

#### **Documentación**

Os aspirantes ó posto deberán aportar a seguinte documentación.

##### **a) Obrigatoriamente**

- Solicitude nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.
- Documentación acreditativa de estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo (Tarxeta de desemprego, certificado de períodos de inscrición, ...)

- Documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións de exclusión social sinaladas no punto 7 do artigo 5 destas bases.
  - Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
  - Maiores de 45 anos.
  - Persoas desempregadas de longa duración. Para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
  - Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
  - Persoas en situación de drogodependencia.
  - Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.
  - Persoas en fogar monoparental.
  - Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
  - Persoas vítimas de violencia de xénero.
  - Persoas sen fogar.

#### b) Voluntariamente

A presentación de documentación acreditativa dos aspectos a valorar na fase de concurso é voluntaria por parte do aspirante. En todo caso, non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias. De non presentarse documentación acreditativa dos méritos a valorar a puntuación na fase de concurso será de 0 pts.

Segundo establece o artigo 28.3 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a documentación poderá aportarse en copia simple. En caso de que dita documentación xa obrase en poder da administración poderá solicitarse que se faga uso da mesma, indicando na solicitude en que momento e ante que órgano administrativo se presentou dita documentación.

3. Las Administraciones no exigirán a los interesados la presentación de documentos originales, salvo que, con carácter excepcional, la normativa reguladora aplicable establezca lo contrario.

Asimismo, las Administraciones Públicas no requerirán a los interesados datos o documentos no exigidos por la normativa reguladora aplicable o que hayan sido aportados anteriormente por el interesado a cualquier Administración. A estos efectos, el interesado deberá indicar en qué momento y ante que órgano administrativo presentó los citados documentos, debiendo las Administraciones Públicas recabarlos electrónicamente a través de sus redes corporativas o de una consulta a las plataformas de intermediación de datos u otros sistemas electrónicos habilitados al efecto. Se presumirá que esta consulta es autorizada por los interesados, salvo que conste en el procedimiento su oposición expresa o la ley especial aplicable requiera consentimiento expreso, debiendo, en ambos casos, ser informados previamente de sus derechos en materia de protección de datos de carácter personal. Excepcionalmente, si las Administraciones Públicas no pudieran recabar los citados documentos, podrán solicitar nuevamente al interesado su aportación.

#### SÉTIMO: Admisión de candidatos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación ditará resolución na que se aprobará a lista provisional/definitiva de admitidos e excluídos que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, con indicación do prazo de emenda que, nos termos da lei 39/2015, se concede aos aspirantes excluídos.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderán interpoñer os recursos procedentes en dereito.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará o lugar e data da celebración das probas e, de non terse nomeado antes, a composición do tribunal.

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou da probas a realizar, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello.

**OITAVO: Tribunal Cualificador.**

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía. Os seus integrantes deberán ser Funcionarios/as ou persoal laboral fixo ó servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados da mesma forma que os titulares.

A pertenza aos órganos de selección realizarase a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica, non formará parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 36.4/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, dos seus suplentes, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos.

De tódalas reunións que faga o tribunal, o secretario redactará acta.

Presidente	Manuel Calo Canosa
Suplente Presidente	José García Andrade
Secretario	Juan Carlos Santabaya Louzán
Suplente Secretario	Victor Manuel Castiñeira Castro
1º Vogal	José Ramón Rey Senra
Suplente 1º Vogal	García Olagorta, Diana
2º Vogal	Reyes Caamaño Vilar
Suplente 2º Vogal	Carmen Rodiño Blanco
3º Vogal	María Mariann Sambad Vilela
Suplente 3º Vogal	Patricia Tellado Campos

**NOVENO: Probas selectivas e sistema de cualificación.**

O sistema de selección será o de concurso - oposición. Valoraranse unicamente os méritos debidamente acreditados polos aspirantes en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias.

**1ª Fase: Oposición. OBRIGATORIA E ELIMINATORIA.**

Proba de coñecemento teórico, obrigatoria e eliminatoria, de carácter escrito, e que terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias do cargo.

Consistirá nunha proba de 3 a 5 preguntas a desenvolver relacionadas co temario específico anexo a estas bases. A duración máxima para a realización deste exercicio será de 60 minutos, podendo o tribunal determinar tempos inferiores se así o estima conveniente.

O exercicio será cualificado de 0 a 6 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 3 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio.

**2ª Fase.- Concurso.**

O Tribunal reunirase en sesión non pública a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración farase público, mediante a exposición no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

A puntuación máxima total establécese en catro puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos parágrafos seguintes, cos límites que se sinalan para cada un deles.

Serán méritos a valorar nesta fase:

**A) Experiencia Profesional. Máximo 2 puntos.**

Por servizos prestados en calquera administración ou empresa privada en cometidos e categoría semellantes os da praza obxecto de convocatoria: 0,20 puntos/mes ata un máximo de 2 puntos.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañada de documentación acreditativa da categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ámbolos documentos (vida laboral+ documentación acreditativa da categoría profesional e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.

**B) Formación. Máximo 2 puntos**

B1) Formación específica, debidamente acreditada e homologada, relacionada co posto de traballo, impartida por administracións públicas ou por entidades e organismos autorizados. Ata 1 punto.

- 0,01 puntos por cada hora de formación.

B2) Participación en programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas. Ata 1 punto.

- 0,5 ptos. por cada programa acreditado.

A acreditación dos cursos/programas formativos ou de integración realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

**DECIMO: Publicidade e desenvolvemento das probas.**

Os resultados das diferentes probas publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello indicando, no seu caso, a lista de candidatos presentados e non presentados así como as diferentes puntuacións/valoracións obtidas. Se a proba ten carácter eliminatorio indicarse se o candidato queda eliminado.

Unha vez rematadas as probas, publicaranse no taboleiro de anuncios as puntuacións totais acadadas, ordenando os candidatos de maior a menor por orde de puntuación, así como a relación de candidatos propostos para contratación, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Os candidatos disporán dun **prazo de tres (3) días hábiles** para presentar alegacións no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Neste último caso, deberán adiantar por fax, un resguardo de ter presentado a alegación dentro do prazo de presentación.

Se un aspirante rexeita a oferta de emprego entenderase que desiste do seu dereito e procederase a seleccionar ó seguinte aspirante segundo orde de puntuación.

A alcaldía resolverá o procedemento de selección mediante decreto que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello.

**UNDÉCIMO: Lista de reserva**

Os aspirantes que non foran incluídos na relación de seleccionados/proposta de designación, pasarán a formar parte dunha listaxe de reservas, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poidan selo, segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección o resto dos candidatos.

**DUODÉCIMO. NOMEAMENTO**

O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de tres días naturais contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas os orixinais/copias compulsadas da documentación aportada ó proceso.

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

#### **DÉCIMO SEGUNDO: Empate na orde de puntuación**

En caso de empate, a orde de puntuación dos candidatos establecerase como segue:

1.–Nota da fase de oposición.

2.–Nota da fase de concurso.

3.–Letra do primeiro apelido tomando como referencia o establecido na última resolución anual pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración del Estado (Orden de actuación dos aspirantes en probas selectivas).

#### **DÉCIMO TERCEIRO: Adaptacións para persoas con minusvalía**

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

#### **DÉCIMO CUARTO: Recursos.**

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público

#### **DÉCIMO QUINTO: ACLARACIÓNS**

Os aspirantes deberán estar en posesión de todos aqueles requisitos esixidos nestas bases o último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar e ter dispoñibilidade deles durante toda a contratación.

Salvo que se indique expresamente nestas bases os aspirantes deberán presentar tódolos datos persoais e profesionais que poidan ser obxecto de avaliación en cada praza concreta.

So serán obxecto de puntuación aqueles méritos tanto formativos como de experiencia laboral que estean relacionados co posto de traballo obxecto do proceso de selección.

Enténdese por oficiais os títulos, diplomas, certificados, etc.. emitidos pola administración pública, os da Universidades públicas e privadas oficiais e os que non sendo emitidos por ditas entidades contan coa homologación das mesmas.

A acreditación dos cursos realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

Cee, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE.

Asdo. Ramón Vigo Sambade

Cee, 23 de maio de 2019

O ALCALDE

Ramón Vigo Sambade

## ANEXO I

## PEÓNS

<b>1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA:</b> PEÓN PERSOAL SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS 2019		
<b>2.- CONVOCATORIA:</b> BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE NOVE PEÓNS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS 2019.		
<b>3.- DATOS PERSOAIS:</b>		
<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	
<b>DOMICILIO</b>		
<b>MUNICIPIO</b>	<b>PROVINCIA</b>	<b>CÓDIGO POSTAL</b>
<b>TELÉFONO</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	
<p>O asinante solicita ser admitido/a ó concurso-oposición a que se refire a presente instancia e declara:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que son certos os datos obrantes nela.</li> <li>- Que ten coñecemento e acepta na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo.</li> <li>- Que cumpre coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos no apartado quinto: Requisitos dos aspirantes.</li> </ul>		
<p>a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.</p> <p>b) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.</p> <p>c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.</p> <p>d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.</p> <p>e) Estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo</p> <p>f) Atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.</li> <li>b. Maiores de 45 anos.</li> <li>c. Persoas desempregadas de longa duración. Para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.</li> <li>d. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.</li> <li>e. Persoas en situación de drogodependencia.</li> <li>f. Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.</li> <li>g. Persoas en fogar monoparental.</li> <li>h. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.</li> <li>i. Persoas vítimas de violencia de xénero.</li> <li>j. Persoas sen fogar.</li> </ul>		
- Que, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.		
En _____ a ____ de _____ de _____		
Asdo. ....		

**ANEXO II****TEMARIO**

Tema 1.- Concello de Cee. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 2.- Servizos, instalacións e vías de comunicación do Concello de Cee.

Tema 3.- Funcións de peón/s de servizos múltiples, relacionadas concretamente coa conservación, reparación ordinaria e limpeza.

Tema 4.- Materiais, útiles e ferramentas utilizados na área de limpeza de espazos públicos. Uso e mantemento de desbrozadoras. Sinalización viaria en traballos de desbroce de cunetas.

Tema 5.- Normativa de Prevención de Riscos Laborais.

2019/4069